



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS NO CONSELLO ESCOLAR

ASUNTO: RENOVACIÓN DE 1 REPRESENTANTE DOS PAIS/NAIS NO CONSELLO ESCOLAR.

CONVOCATORIA

De acordo coa resolución do 19 de setembro de 2022, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo coa actual lexislación, corresponde elixir no presente proceso electoral a **UN REPRESENTANTE DOS PAIS/NAIS** dun total de tres que debe ter o Consello Escolar (un escollido pola ANPA). Os outros representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección no ano 2021_22.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data estará exposto na Secretaría do Centro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 4 de novembro ata as 14'00 horas do día 15 de novembro 2021.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 16 de novembro, ás 11:05 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 23 de novembro, incluídos ambos días. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.

6.- **As votacións realizaranse neste IES o día 24 de novembro, de 08:15 a 09:00 horas e de 19:00 a 21:00 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:00 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar como máximo **UN NOME** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense a, 7 de novembro de 2022

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Fco. Antonio Rodríguez Rodríguez